

O home de lume

Nun planeta moi lonxano, existía un home que podía crear lume coas súas mans. Pero... Como conseguiu os seus poderes?

No planeta Sadala, que é un planeta moi lonxano ao noso, tiñan moi poucos recursos e tamén moito frío. A xente non tiña comida e cada ano morrían moitas persoas por culpa diso. A sociedade separábase en dous grupos. As persoas sen recursos e os da nobreza, que si tiñan recursos, e non querían compartilos. Pero alguén si...

Javier o fillo do rei Mario, quería que todos foran iguais, así que, foi para ao territorio dos pobres e dixo...

– Se non teñen recursos eles, eu tampouco!

Despois o seu pai enfadouse moito e obrigou ao seu fillo a volver ao palacio. Javier moi enfadado decidiu meter a man nunha candeia. Segundo a súa tradición, quen metía a man nunha candeia e non se queimara, conseguiría os seus poderes. Javier o intentou e... o conseguiu! Non podía crelo pero conseguíuno, non se queimou! De súpeto Javier comezou a botar lume polas súas mans.

Ao cabo de dous meses, xa o podía controlar. E decidiu axudar á xente con frío, e converteuse nun heroe. O seu pai convencido deulle casas e comida aos pobres, e así crearon unha sociedade igualada.

fin